

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Dramaturxia
DISCIPLINA	DRAMATURXIA IV
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dramaturxia
CURSO	3º (2º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra
DOCENTES	Nome e apelidos: Joan Giralt-Bailach Horario titorías: Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.gal
DESCRIBIÓN	Principios xerais de dramaturxia aplicados ás manifestacións escénicas non textuais e ao espectáculo audiovisual. Análise práctica das diversas formas de espectáculo non textual (teatro das imaxes, teatro obxectual, danza-teatro, presentación escénica, teatro visual...) e do espectáculo audiovisual. Coñecemento e análise práctica das dramaturxias performativas, visuais e escénicas. Análise e práctica da partitura dramática. Coñecemento e análise das dramaturxias do audiovisual. Análise e práctica do guión audiovisual. Valoración dos procesos creativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Dramaturxia III
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.

X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

COMPETENCIAS VINCULADAS

1. Analizar os procesos dramaturxicos das modalidades escénicas performativas non textuais.	T8. X4. X6. ED5.
2. Reelaborar os procedementos das dramaturxias performativas para aplicarlos á propia creación.	T9. T12. X1. X5. ED1. ED2. ED3.
3. Deseñar dramaturxias performativas non textuais.	T1. T8. T13. X5. X6. ED1. ED2. ED3.
4. Experimentar coa hibridación e coa contaminación das modalidades dramaturxicas	T9. T12. X4. X6. X8. ED1. ED2. ED3
5. Planificar os efectos da recepción dunha proposta dramaturxica.	T1. T8. T13. X5. X6. ED1. ED2. ED3

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O xiro performativo na práctica dramaturxica.	1.1 Presencialidade, factualidade e virtualidade. 1.2 Medialidade e intermedialidade. Vellas tecnoloxías e tecnoloxías dixitais. 1.3 A <i>performise</i> (ou <i>mise en perf</i>) do dramático.	2

2. Teatro de Figuras e obxectos.	2.1. Da tradición dos monicreques, sombras e máscaras ao Teatro de Figuras contemporáneo. 2.2. Tipoloxías, modelos e referentes. 2.3. Sistemas formais: narracións, asociacións e abstraccións. 2.4. Un teatro de material. O momento plástico e o momento representacional. 2.5. O obxecto-rol. 2.6. A "marionetización" dramática. Traballo das discontinuidades: aparicións, desaparicións e multiplicacións; polifonías; polivalencias (re)presentacionais; bricolaxe poética.	29
3. Radio-drama	3.1. Drama radiofónico: a forma dramática sen <i>theatron</i> nin <i>opsis</i> . Teatro das voces, teatro das orellas. 3.2. Sistemas formais: narratividades, paisaxes e abstraccións. 3.3. A imaxe invisible: o mundo audio-imaxinativo fronte ao mundo sonoro-visual. Escribir a imaxe co son. 3.4. Elementos do xogo dramático acústico: ruidos, sons, voces, articulacións non verbais, palabra, música e silencio. 3.5. O fluxo verbal: entre os tropismos e as interaccións. 3.6. O personaxe como espectro e alento. 3.7. O espazo estereofónico: o espectáculo invisible do sonar.	14
TOTAL SESIÓNS		45

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	2	4	6
Exposición práctico-teórica	18	26	44
Práctica individual	25	38	63
Práctica colectiva			
Titorías individuais	5		5
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	30	32
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	52 h	98 h	150 h
PORCENTAXE	35%	65%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición maxistral.	Exposición introdutoria ao marco conceptual do temario. Poética e pragmática da dramaturxia performativa.

Exposición práctico-teórica.	Presentación e execución de exercios prácticos que abordan os conceptos, os procedementos, as técnicas e mecanismos e o traballo dos materiais contidos no temario. Intercambio, interacción e interlocución arredor da experiencia do proceso de composición.	
Composición dunha peza para teatro de figuras e obxectos.	Elaboración dunha peza singular a partir do estudo de modelos, técnicas e procedementos para pór en práctica unha proposta escénica.	
Composición dunha peza de teatro radiofónico.	Elaboración dunha peza singular a partir do estudo de modelos, técnicas e procedementos para pór en práctica unha proposta radiofónica.	
Análise da poética e da praxe das pezas elaboradas.	Análise da produción (<i>poiésis</i>) das dúas pezas a partir das técnicas e procedementos empregados e a súa fundamentación teórica. Exposición e reflexión sobre o proceso contínuo e aberto de construción (<i>praxis</i>).	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Atención á especificidade de cada tarefa e a cada proxecto.	
Orientación	Atención ás dúbidas e orientación do proxecto propio.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario	T1. T8. T12. X4. X6. ED5.	10%
Presentación dunha peza para teatro de figuras e obxectos.	T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.	50%
Ensaio sobre a poética e a praxe da peza de teatro de figuras e obxectos.	T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.	10%
Presentación dunha peza de teatro radiofónico.	T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.	25%
Ensaio sobre a poética e a praxe da peza de teatro radiofónico elaborada.	T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.	5%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Presentación dunha peza para teatro de figuras e obxectos.	T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.	50%
Ensaio sobre a poética e a praxe da peza de teatro de figuras e obxectos.	T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.	15%
Presentación dunha peza de teatro radiofónico.	T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.	25%
Ensaio sobre a poética e a praxe da peza de teatro radiofónico elaborada.	T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.	10%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Presentación dunha peza para teatro de figuras e obxectos.	T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.	40%

Ensaio sobre a poética e a praxe da peza de teatro de figuras e obxectos.	T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.	20%
Presentación dunha peza de teatro radiofónico.	T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.	30%
Ensaio sobre a poética e a praxe da peza de teatro radiofónico elaborada.	T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.	10%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Alvarado, Ana (2015): *Teatro de objectos. Manual dramático*, Buenos Aires, Inteatro.
- Balsebre, Armand (1994): *El lenguaje radiofónico*, Madrid, Cátedra.
- Chappel, Freda, ed. (2008): *La intermedialidad*, Castelló de la Plana, Publicacions de la Universitat Jaume I.
- Grove, Claire e Wyatt, Stephen (2013): *So you want to write radio drama?*, Londres, Nick Hern.
- Hand, Richard J. e Traynor, Mary (2011): *The Hand Book of Radio Drama*, Londres-Nova York, Continuumbooks.
- Knoedgen, Werner (2003): *El teatro imposible: per a una fenomenologia del Teatre de Figures*, Barcelona, Institut del Teatre.
- Larios, Shaday (2018): *Los objetos vivos. escenarios de la materia indócil*, Ciudad de México, Paso de Gato.
- Posner, Dasia; Orenstein, Claudia; Bell, John, eds. (2014): *The Routledge Companion to Puppetry and Material Performance*, Oxon/New York, Routledge.
- Sermon, Julie (2015): *El actor descentrado. (Marionetas, maniquies, objetos, máquinas)*, en VV.AA., *Antología de teorías teatrales: el aporte reciente de la investigación en Francia*, Bilbao, Artezblai.

Referencias complementarias

- Arheim, Rudolf (1980): *Estética radiofónica*, Barcelona, Gustavo Gili.
- Bolter, Jay David e Grusin, Richard (2000): *Remediation. Understanding New Medias*, MIT Press.
- Giannachi, Gabriella (2004): *Virtual Theatres: an Introduction*, New York, Routledge.
- Goebbels, Heiner (2015): "Estética da ausencia: cuestionando pressupostos básicos nas artes performativas", *Questão de crítica*, vol. III, nº 66, Rio de Janeiro.
- Le Pors, Sandrine (2011): *Le théâtre des voix*, Presses universitaires de Rennes.
- Pavis, Patrice (2016): *Diccionario de la performance y del teatro contemporáneo*, México D.F., Paso de Gato.
- Romanska, Magda, ed. (2016): *The Routledge Companion to Dramaturgy*, Londres/New York, Routledge.
- Ryngaert, Jean-Pierre, e Sermon, Julie (2012): *Théâtres du XXI^e siècle: commencents*, París, Armand Colin.
- Seel, Martin (2010): *Estética del aparecer*, Buenos Aires, Katz editores.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático

Competencias: T1. T8. T12. X4. X6. ED5.

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 2: Presentación dunha peza de teatro de figuras e obxectos.

Competencias: T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.

Ponderación: 40%

ACTIVIDADE 3: Presentación dun ensaio sobre a poética e a praxi da peza de figuras e obxectos elaborada.

Competencias: T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 4: Presentación dunha peza de teatro radiofónico.

Competencias: T1. T9. T12. T13. X1. X5. X6. ED1. ED2. ED3.

Ponderación: 30%

ACTIVIDADE 5: Presentación dun ensaio sobre a poética e a praxi da peza de radiodrama.

Competencias: T8. X4. X6. X8. ED1. ED5.

Ponderación: 10%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).